



PASEOS POLA PONTEVEDRA LITERARIA 2020

MIRIAM FERRADÁNS
OS OLLOS ABERTOS DAS MULLERES



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

PONTEVEDRA: OS OLLOS ABERTOS DAS MULLERES

Percorrer os lugares antes transitados por mulleres decididas quen, ao seu paso, foron abrindo espazos máis ou menos extensos, máis ou menos iluminados pero sempre necesarios para o devir das que as sucederon.

Mulleres sempre cos ollos abertos, á espreita: observar, decidir, actuar. Mulleres así en Pontevedra. Paso firme. Adiante. Aurora Vidal Martínez, familia de escritoras. Ollos abertos.



Aurora Vidal nos anos 30. Foto tirada do libro *O zapateiro coroado rei*. Ed. El Taller del Poeta. 2010



Aurora Vidal Martínez nace en Pontevedra o 28 de Agosto de 1910 e falece na mesma cidade o 10 de maio do 2005. Pero vaíamos aos poucos... Partimos:

Aurora Vidal Martínez nace na Rúa Riestra no Agosto de 1910. Así que partimos desde aquí, desde as ruínas de Santo Domingo, polas cales Aurora pasou infinidade de veces desde que naceu baixo a súa ollada.



Ruínas de Santo Domingo. Rúa Marqués de Riestra.

Estas son protagonistas dalgúns dos seus versos como se recollen no poema Romance á miña terra, no libro *Pontevedra Literaria*:



Pontevedra Literaria. Ed. Concello de Pontevedra e Fun. Caixagalicia.

A súa familia, vencellada á parroquia de Salcedo, onde está a casa familiar e onde nace o seu irmán Xoán Vidal, tamén escritor, fundador do quincenario *Hebe* e membro fundacional do Grupo Nacionalista Galego de Pontevedra; é dona dun comercio téxtil na rúa Real nº 26. Este comercio converteuse nunha especie de punto de encontro entre membros do Partido Galeguista da cidade así como de persoeiros da cultura en xeral.

Así que nos dirixiremos a dito lugar:



R/ Real, nº 26.

En 1931, Aurora decidirá estudar maxisterio na Escola Normal de Pontevedra xunto coa súa irmá. De aí partirá a distintos lugares da xeografía que a levarán a Castellón ou



Canarias. A súa nai proponse ampliar o negocio do textil na cidade, procurando así o regreso das fillas.


Subiremos pois ata a Praza de Curros Enríquez, no nº 9: H. Torres.

Aquí situouse o novo comercio ata que finalmente quedará ubicado na rúa dos Soportais, xunto á casa familiar e onde, no ano 2010, o Concello de Pontevedra descubriu unha placa para a lembranza de Aurora e Xoán Vidal.



R/ Soportais

As súas primeiras obras aparecen en diversas publicación como *Sonata Gallega* e *Vida Gallega* pero non será ata o ano 1946 cando apareza o seu primeiro libro, un romance pastoril titulado *Camino de Belén*, peza teatral en nove cadros e tres actos con ilustracións do pintor Manuel Torres e que será estreada no xa desaparecido Teatro Malvar nese mesmo ano. Ao igual que esta obra, *Sonetos Líricos* —o seu primeiro libro



de poesía, 1948— sairá da imprenta Peón, situada na Praza do Teucro, ata onde baixaremos para logo deternos no Teatro Real.



Imprenta Peón. Praza do Teucro / H. Torres.

O seu grande interese polo teatro queda reflectido no feito de que promoveu en 1949 a creación do Teatro Experimental de Arte, o que demostra a súa preocupación polas vangardas e as novas posibilidades artísticas e literarias.

A súa obra teatral irase ampliando ao longo dos anos con obras como *El divino caminante* (1987), *O zapateiro coroado rei*, *O espantallo Namorado* (1992) ou *Xa naceu Xesús* (1993), obra estreada no ano 1997 no Teatro Principal. En ambas as dúas obras a música e a cor na escenografía xogan un papel fundamental.



Teatro principal / H. Torres.




Capa e contracapa do libro que recolle dúas obras teatrais de Aurora Vidal que viu a luz na Noiteboa de 2010, en Pontevedra, no centenario do seu nacemento.

En canto a súa produción poética en galego será no 1958 cando publique *Poemas de nenos e paxariños* coa que inaugura a súa obra no noso idioma. Baixo o selo de Alborada, con prólogo de Faustino Rey Romero, quen compara a poesía de Aurora Vidal coa de Gabriela Mistral e cunha viñeta de Manuel Méndez na portada, trátase dun libro de 23 poemas de corte intimista e de profundo lirismo onde Aurora Vidal amosa a súa tendencia á melancolía e a importancia da paisaxe como elemento e como símbolo.



Portada do libro editado pola Librería Follas Novas. Xuño do ano 2000.



Fragmento do poema co que se abre *Poemas de nenos e paxariños* (1958).

Alén disto, Aurora Vidal foi unha destacada membra da vida cultural de Pontevedra xunto a súa amiga Herminia Fariña, nada en Santiago pero con períodos vivencias na cidade do Lérez preto do negocio familiar de Aurora polo que é máis que probable que esa cercanía fose unha das causantes desa amizade. Por certo, o primeiro libro de Herminia Fariña sae da imprenta Peón, que vimos de visitar.

Imos pasear agora, desde o Teatro Principal ata as Ruínas de Santo Domingo, de onde partimos.

Aurora Vidal participou en multitude de ocasións na Festa da Poesía que celebraba o Ateneo de Pontevedra e fixo amizade con escritores como Álvaro Cunqueiro, Cuña Novás ou Sabino Torres. Participou nas tertulias literarias da cidade como a que discorría habitualmente no café Carabela.

A súa trascendencia é tal que no ano 1952 foi nomeada membro correspondente da Real Academia Galega a proposta de Antonio Couceiro Freijomil, Francisco Vales Villamarín e Leandro Carré Alvarellos.

No ano 1954 no III *Congreso Internacional de Poesía*, xunto con Herminia, Pura Vázquez, Dionisio Gamallo ou Álvarez Blázquez, entre moitos outros, como se pode ver na fotografía. O peso como escritora de Aurora en Pontevedra é evidente.



III Congreso Internacional de Poesía. Pontevedra, 1954.

Fonte: <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1092/>

Muller culta e traballadora, o seu compromiso coa ensinanza e as letras é unha constante ao longo da súa vida. O negocio familiar foi, durante anos, pioneiro na importación de produtos textís grazas a nai de Aurora e tamén supuxo parte da construción da memoria colectiva da cidade co seu escaparate. Mulleres da contorna ían á vila, cada moito, a mercar os seus produtos. Boinas, boinas e panos chegaron a Bueu en múltiples ocasións.

A estirpe das mulleres cos ollos abertos de Aurora Vidal continuou a través da mirada das súas sobriñas, fillas do seu irmán Xoán, escritoras tamén coma ela. Algunhas das súas obras seguen inéditas e quizás algún día aparezan xunto coa necesaria reedición dalgún dos seus libros de difícil, ou case imposible, acceso.

Rematamos o noso paseo aquí, no Quiosco da Alameda, onde o pai de Aurora, Juan Vidal Lino, músico da Banda Municipal de Pontevedra, tocaba algúns domingos pola mañá e onde din que se podía ver a Aurora escoitando ao seu pai.

Aurora falece en maio do 2005 e atópase soterrada no cemiterio de Santo Amaro, en Pontevedra.



Quiosco da Alameda. Avda. Montero Ríos. / H. Torres

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA:

- Acuña Trabazo, Ana (2005): *Xoán Vidal, voz e memoria*. Ed. Concello de Pontevedra.
- VV.AA. (2007): *Pontevedra literaria*. Ed. Concello de Pontevedra e Fundación Caixagalicia.
- VVAA, (2015): *Do gris ao violeta*. Ed. Concello de Pontevedra.
- Vidal Martínez, Aurora (2010): *O zapateiro coroadado rei/ O espantallo namorado*. Ed. El Taller del Poeta.
- Vidal Martínez, Aurora (2000): *Poemas de nenos e paxariños*. Ed. Librería Follas Novas.

OUTRAS FONTES CONSULTADAS:

- <https://auroravidal.es>
- <http://www.poesiagallega.org>
- Rueiros de Pontevedra.
- Hemeroteca *Faro de Vigo*, ano 2005.

Autora: Míriam Ferradáns.
Bueu, novembro do ano 20.